

Polo Concello de Silleda solicitouse no seu día a inclusión no proceso de reestruturación parcelaria da zona de **OLEIROS (SILLEDA – PONTEVEDRA)** dos terreos clasificados de núcleo rural ao amparo do establecido pola disposición transitoria segunda da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Mediante a Orde do 23 de decembro de 2022 aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda .

Como consecuencia do anterior, por parte do Concello de Silleda solicitouse –con ratificación do Pleno- a inclusión dos solos de núcleo rural actualizando conforme ao PXOM aprobado.

Visto o informe emitido polo Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, a *Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, de 12 de enero de 1973*, o texto vixente da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais disposicións vixentes de aplicación ao caso,

Esta Dirección Xeral, ao amparo da lexislación vixente, **RESOLVE:**

1.- Modificar as clases da zona creando novas clases engadindo a codificación NR (Núcleo Rural) ás existentes e mantendo os mesmos coeficientes de compensación.

2.- Modificar a clasificación das parcelas das Bases con terreos de núcleo rural segundo o novo PXOM do concello de Silleda, conforme á nova codificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Rural

Mª Paz Rodríguez Rivera

